

MATEMÁTICAS:

- Analiza os datos dos problemas numéricos (Bloque 1)
- Realiza problemas e explica de maneira oral o proceso seguido para a súa resolución (Bloque 1)
- Localiza e representa os números na recta numérica (Bloque 2)
- Compón e descompón números utilizando distintos materiais: palillos, moedas... (Bloque 2)
- Realiza cálculos numéricos con obxectos cotiás onde sexa necesario engadir e quitar (Bloque 2)
- Realiza medicións para un fin (receitas, táboas de medida, decoracións de letreiros de aula...) (Bloque 3)
- É quen de autocorrexirse nos distintos problemas levados a cabo na aula, reflexionando sobre o proceso e o resultado (Bloque 3)
- Lee e representa as horas en reloxos analóxicos e dixitais (Bloque 3)
- Localiza en imaxes e na contorna diferentes figuras xeométricas (Bloque 4)
- Crea itinerarios en planos e mapas (Bloque 4)
- Recolle a información do tempo en táboas para a súa posterior representación gráfica (Bloque 5)
- Interpreta os datos nas gráficas realizadas (temperatura...) (Bloque 5)

LINGUA E LITERATURA CASTELÁ:

1. Progresa na aplicación das normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.
2. Expón a información recollida sobre un proceso de investigación sinxelo de forma clara e concisa.
3. Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante do texto.
4. Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave.
5. Reproduce de memoria breves textos próximos aos seus gustos e intereses.
7. Identifica de maneira acompañada o contido e a información máis relevante de textos orais sinxelos.
8. Produce, con axuda de autoinstrucións, textos escritos sinxelos con coherencia e coidando a presentación.
9. Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.
10. Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia.
11. Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.

LINGUA E LITERATURA GALEGA:

1. Progresa na aplicación das normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.
2. Expón a información recollida sobre un proceso de investigación sinxelo de forma clara e concisa.
3. Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante do texto.
4. Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave.
5. Reproduce de memoria breves textos próximos aos seus gustos e intereses.
7. Identifica de maneira acompañada o contido e a información máis relevante de textos orais sinxelos.
8. Produce, con axuda de autoinstrucións, textos escritos sinxelos con coherencia e coidando a presentación.
9. Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.
10. Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia.
11. Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.

CIENCIAS SOCIAIS:

- 1.- Establece acordos de forma dialogada e democrática, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.
- 2.- Recoñece conexións directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural a través da observación, manipulación e experimentación.
- 3.- Valora a necesidade de protexer os elementos e seres vivos do planeta, identificando a relación entre as persoas e as accións destas sobre os elementos e recursos do medio como o chan e auga.
- 4.- Mostra curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións, buscando información sinxela de diferentes fontes.
- 5.- Mostra actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.
- 6.- Ordena temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.
- 7.- Coñece persoas e grupos sociais relevantes, tanto da historia pasada como da súa contorna, así como formas de vida do pasado.
- 8.- Mostra actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas, recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.

CIENCIAS DA NATUREZA:

-Recoñecer algúns hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio e descanso axeitado.

- Coñecer as principais partes do corpo.

-Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.

(PE: 65% TI: 35%)

-Coñecer os órganos máis importantes.

-Identificar as principais emocións propias e as dos demais e distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social.

(PE: 35% TI: 65%)

-Recoñecer algunhas das características, propiedades e organización dos seres vivos (animais, plantas) do seu entorno.

-Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.

(PE: 30% TI: 70%)

-Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.

-Mostrar actitudes de respecto cara a natureza e amosar hábitos da vida sustentable.

-Ter autonomía na realización das tarefas.

(PE: 40% TI: 60%)

-Recoñecer o comportamento da luz e do son na vida cotiá.

-Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.

-Realizar, con axuda, un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.

(PE: 40% TI: 60%)

-Amosar hábitos de vida sustentable.

-Recoñecer algunhas das propiedades e características da materia e dos materiais de forma guiada.

-Analizar o efecto das forzas sobre obxectos de uso común.

-Identificar o uso dalgunhas máquinas e aparellos na súa vida cotiá.

(PE: 30% TI: 70%)

A puntuación calcularase facendo a media.

PROXECTO COMPETENCIAL:

- Recoñecer a importancia da agricultura e dos cultivos galegos.
 - Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.
 - Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.
 - Resolver incidencias que poidan xurdir.
-

- Executar as actuacións planificadas.
 - Empregar recursos e materiais necesarios.
 - Valorar os resultados logrados.
-

- Presentar os produtos cunha linguaxe axeitada.

MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN CRA de Rianxo (2º PRIMARIA)

LINGUA EXTRANXEIRA-INGLÉS:

Para acadar unha calificación de suficiente 5 na materia, o alumnado terá que:

- Comprender o sentido xeral e significado de textos orais e cancións adecuados á súa idade, con apoio visual moi claro e redundante.
- Comprender preguntas sobre información persoal básica (nome, gustos, idade...).
- Comprender instrucións e ordes básicas de resposta física. (Open the book, sit down, silence, wash your hands, etc).
- Expresarse preguntando e responder de xeito moi básico sobre cuestións de información persoal básica (nome, gustos, idade...) e sobre rutinas diarias e temas cotiás.
- Imitar e reproducir pequenas interaccións e xogos preparados previamente.
- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e o vocabulario básico en textos simples relacionados cos temas traballados de xeito oral e con apoio visual moi claro e redundante.
- Escribir palabras e frases curtas moi sinxelas relacionados cos temas cotiás, traballados visual e oralmente na aula.
- Empregar frases sinxelas para saudar e despedirse diferenciando ambas fórmulas de comunicación
- Mostrar interese pola comunicación intercultural con persoas nativas e as tradicións e costumes dos países de fala inglesa..
- Apreciar e diferenciar as linguas que nos rodean e intentar empregalas con diferentes recursos.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL:

Para acadar unha calificación de suficiente 5 na materia, o alumnado terá que:

- Expresar sentimentos, emocións ou ideas a través das súas producións artísticas físicas ou audiovisuais dun xeito mínimamente elaborado.
- Producir obras propias experimentando con diferentes materiais e formatos, misturando cores e representando e controlando o espazo, as formas e as liñas de maneira básica e tendo un resultado sinxelo pero claro.
- Tomar parte nos procesos de creación de actividades grupais gozando do proceso e do resultado.
- Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.
- Descubrir distintos artistas e obras pictóricas ou audiovisuais, mostrando interese por estos e expresar o que ven na súa obra de xeito sinxelo pero cun mínimo de orde e claridade.
- Coidar o material.
- Manter o nivel de limpeza e orden básico de xeito habitual, nos seus traballos.

MÚSICA E DANZA:

1. • Desenvolve capacidades básicas de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descripción e representación de elementos fundamentais da música.
2. Emprega algunha das posibilidades expresivas do corpo e o son con interés e disfrute mostrando confianza nas capacidades propias.
3. Interpreta propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
4. Comparte experiencias creativas musicais, disfrutando e explicando o proceso e o resultado final acadado.
5. Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática de cara a expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.
6. Describe de forma sinxela os elementos das manifestacións artísticas e culturais máis próximas empregando vocabulario específico básico.
7. Participa de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa.
8. Toma parte no proceso cooperativo de creación de propostas artísticas empregando elementos básicos da expresión corporal.

EDUCACIÓN FÍSICA:

1. Participa e valora os xogos de activación e volta a calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo as actividades físicas e evitar lesións.
2. Respeta as normas da clase e as regras dos xogos/deportes.
3. Coida o material de EF.
4. Realiza e identifica accións motrices individuais para axustar os seus movementos corporais as demandas das situación.
5. Identifica o sentido do xogo na práctica de actividades de oposición.
6. Axusta o movemento a ritmos sinxelos marcados coa música.
7. Coñece os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida, recoñecendo, vivenciando e disfrutando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respetando a todos os participantes con independencia das súas diferencias individuais.
8. Identifica as emocións que se producen durante o xogo, intentando xestionalas e disfrutando da actividade física
9. Explora as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotidianas as medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.

RELIXIÓN CATÓLICA:

1. Recoñece a Xesús como o centro da mensaxe cristiá.
2. Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade.
3. Gusta de ler as narracións da Biblia.
4. Mostra actitudes de coidado e respecto da natureza como fonte de vida.
5. Describe situacións próximas e empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal.
6. Recoñece vínculos afectivos que favorecen a convivencia.
7. Descubre a importancia de axudar a quen precisa.
8. Identifica as súas emocións, sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.
9. Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás.